

RESOLUCIÓN DE ARCHIVO (Expte. RA-4/2007, BOLSA DE EMPREGO DE VIGO)

Pleno

Sres.:

D. José Antonio Varela González, Presidente
D. Fernando Varela Carid, Vogal
D. Alfonso Vez Pazos, Vogal

En Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2008.

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC), coa composición indicada máis arriba e sendo Relator D. José Antonio Varela González, presidente, ditou a seguinte resolución no Expediente RA-4/2007, Bolsa de Emprego de Vigo (Expediente 10/2007, do Servizo Galego de Defensa da Competencia, en diante SGDC), tras examinar a proposta de arquivo efectuada polo SGDC, en data 26 de decembro de 2007, das actuacións efectuadas en virtude da denuncia presentada por D. J. P. G. contra a Axencia da Bolsa de Emprego de Vigo e os sindicatos CIG, CC OO e MCA-UGT.

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Con data 1 de outubro de 2007, D. J. P. G. presentou unha denuncia na *Tesorería General de la Seguridad Social* en Pontevedra, dirixida ao *Tribunal de Defensa de la Competencia*, da Administración Xeral do Estado, na que relataba os feitos que lle aconteceron na bolsa de emprego ABE en Vigo o 28 de setembro de 2007, que ao seu xuízo terían cabida en diversos preceptos do Código Penal.

En esencia, o denunciante alude a súa exclusión temporal da quenda de emprego xestionada pola denunciada a causa de ter renunciado voluntariamente a un emprego para aceptar outro, e fai diversas imputacións, que se dirixen tamén contra diversos sindicatos, que non dubida en reputar como constitutivas de delito e vulneradoras dos seus dereitos constitucionais.

2.- Con data 18 de decembro de 2007, o Director de Investigación da *Comisión Nacional de la Competencia* remitiu ao SGDC a citada denuncia, en aplicación do establecido no artigo 2 da Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de Coordinación

das Competencias do Estado e as Comunidades Autónomas en materia de Defensa da Competencia.

3.- Con data 26 de decembro de 2007, o SGDC remitiu a este Tribunal, ao abeiro do disposto no artigo 49.3 LDC, a proposta de arquivo de plano das actuacións, por non existir indicios de infracción da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (en diante LDC).

Este Tribunal deliberou e pronunciouse sobre este asunto na súa reunión de 16 de xaneiro de 2008.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- A presente Resolución dítase ao abeiro do disposto na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia, ao tratarse dun expediente non incoado con anterioridade á súa entrada en vigor, de acordo co disposto no apartado primeiro da Disposición Transitoria Primeira da citada Lei.

SEGUNDO.- A Lei 15/2007 de Defensa da Competencia establece no artigo 49.3 que o Consello da Comisión Nacional de la Competencia poderá acordar non incoar os procedementos derivados da presunta realización de condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 LDC, e o arquivo de actuacións cando considere que non hai indicios de infracción da Lei. En virtude da Disposición Adicional Oitava da mesma Lei 15/2007, esta facultade está atribuída tamén aos órganos de resolución das Comunidades Autónomas con competencia na materia, este Tribunal no caso de Galicia.

TERCEIRO.- O SGDC propón o arquivo da denuncia presentada por considerar que os feitos denunciados non constitúen infracción dos artigos 1, 2 ou 3 da LDC.

Este Tribunal non pode menos que coincidir co SGDC no sentido de que nas condutas denunciadas non se aprecian indicios de prácticas prohibidas polos artigos 1, 2 ou 3 da LDC, que son os únicos sobre os que este Tribunal se pode pronunciar. En consecuencia, entende este Tribunal que non procede incoar expediente sancionador e, polo tanto, debe acordar o arquivo de plano das actuacións realizadas no presente expediente.

Vistos os preceptos citados e os demais de xeral aplicación, este Tribunal

RESOLVE

ÚNICO.- Non incoar expediente sancionador polas condutas denunciadas por D. J. P. G. contra a Axencia da Bolsa de Emprego de Vigo e os sindicatos CIG, CC OO e MCA-UGT, ao non se apreciar indicios de infracción da Lei de Defensa da Competencia, e acordar o arquivo das actuacións iniciadas polo Servizo Galego de Defensa da Competencia.

Comuníquese esta Resolución ao SGDC e notifíquese aos interesados, facéndolles saber que contra a mesma non cabe recurso algún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir da data de notificación desta Resolución.